


AHPOu. Lorenzo Fernández. C-9760

Etnógrafo, arqueólogo e docente

Xaquín Lorenzo naceu en Ourense na rúa da Paz, fronte á casa natal de Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, aos que sempre estivo unido como discípulo pero tamén como amigo con inqedanzas comúns.

A vida e a obra do Xocas estiveron dedicadas ao estudo e enriquecemento da cultura galega a través da arqueoloxía e a etnografía, se ben o seu principal medio de vida foi a actividade docente. Tras a Guerra Civil, comezou a exercer de profesor interino de Xeografía e Historia no Instituto de Bacharelato de Ourense e, desde 1940, impartiu clases no Colexio Cisneros do que acabará sendo copropietario e director ata 1981, ano da súa xubilación.



Desde a súa mocidade militou no galeguismo, vinculándose estreitamente ao grupo Nós, e ingresou no Seminario de Estudos Galegos e na Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, onde puido desenvolver o seu interese pola arqueoloxía e a etnografía. Participou en diferentes escavacións arqueolóxicas e catalogou o patrimonio folclórico e etnográfico deixando como obra máis completa a súa monumental *Etnografía. Cultura Material*, editada en 1962 como tomo II da *Historia de Galicia* dirixida por Otero Pedrayo. A súa actividade intelectual e de promoción de iniciativas culturais non cesou ata o final da súa vida. A fundación, baixo a súa presidencia, do Padroado do Museo do Pobo Galego (1976) e

a inauguración do Museo (1977) foi o logro do que se sentiu máis satisfeito nesta última etapa vital.

Ligado ao AHPOu

O vencello de Xocas co AHPOu veu dado pola relación de profunda amizade que o uniu á familia de Xesús Ferro Couselo, director do AHPOu de 1943 a 1969. Coñecéranse nos anos trinta, na época do Seminario de Estudos Galegos, pero afianzaron a súa amizade cando Ferro se trasladou a Ourense para ocupar a praza de arquivista da Delegación de Facenda. Desde a morte da nai de Xocas, no ano 1963, non terá outra familia que a de Ferro, a de Cuevillas e os seus primos de Vigo. Con Ferro e outros desenvolverá diversos estudos arqueolóxicos, artísticos e etnográficos, moitos deles aparecidos no *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense*, do que tamén era director o primeiro.

Bo e xeneroso

Foi un home sinxelo, bo e xeneroso e mostra da súa valía e altura persoal e intelectual foron os numerosos recoñecementos recibidos tanto en vida como postumamente, entre eles o Día das Letras Galegas de 2004.

Proba da súa xenerosidade e do seu vencello co AHPOu son as distintas doazóns que realizou a este centro nas décadas dos setenta e oitenta. Trátase maioritariamente de papeis do seu irmán Xurxo integrados no fondo familiar *Lorenzo Fernández*: manuscritos de diversos artigos, apuntamentos de Heráldica, Paleografía e Diplomática, debuxos de brasóns publicados en varios traballos antes da súa prematura morte. Documentos asociados ao *diario arqueolóxico* son unha serie de recortes de prensa relativos ao cruceiro «Ultreya». Tamén se gardan dentro deste fondo os debuxos de Ático Noguerol, aos que se dedicou o número 8 de *Fronda*.

Así mesmo, entregou exemplares de revistas como *Verdad y vida*, un impreso do Estatuto de Galicia de 1936, e valiosos documentos pertencentes a outros fondos, como o libro de actas da *Mocidade Galeguista de Ourense*, un acta reservada da *Federación Universitaria Escolar* (FUE) de Santiago de 1933 e outros documentos do movemento estudantil compostelán na época da II República.

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: M. J. Losada Meléndez, P. Sánchez Ferro, F. Sandoval Verea coa supervisión do Equipo técnico do AHPOu. Deseño: Duen de Bux

D.L. OU 67/2006

Fronda
Nº. ex.: 001/100